

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 10 DE MAIO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do venres día **DEZ DE MAIO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ, D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** e do Secretario acctal (Decreto 05.04.13) da Corporación **DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

**NON ASISTE:** a concelleira **D<sup>a</sup> DOLORES GARCÍA TROITIÑO**  
A Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**  
- Acta da sesión extraordinaria de 29 de abril de 2013
- 2.- **PROGRAMAS PARA DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL.**
- 3.- **PROPOSTA DA FEGAMP DE DECLARACIÓN DE FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO A “ROMARÍA DA TORTILLA DE LARO”.**
- 4.- **PROPOSTA DA FEGAMP DE DECLARACIÓN DE FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO A “ENTROIDOS DOS XENERAIS”.**
- 5.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS.**
- 6.- **ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN SOBRE FINANCIAMENTO BÁSICO DOS SERVIZOS SOCIAIS.**
- 7.- **RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA SOBRE PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2013.**

- 1º.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**  
- Acta da sesión extraordinaria de 29 de abril de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 29 de abril de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación a seguinte acta da Xunta de Goberno Local:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 29 de abril de 2013.

**2º.- PROGRAMAS PARA DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL.**

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 06 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 2704, de data 09 de maio de 2013, relativo ó expediente ED115A 2013/40-0, tramitado ao abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2013 (DOG nº 28 do 8 de febreiro), pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción da do uso da lingua galega, mediante o cal remite resolución do secretario xeral de Política Lingüística pola que se concede unha subvención por un importe de 2.209,00 € para “organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local”, sendo a data límite para remitir os xustificantes o día 15 de outubro de 2013.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**3º.- PROPOSTA DA FEGAMP DE DECLARACIÓN DE FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO A “ROMARÍA DA TORTILLA DE LARO”.**

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido polo Secretario Xeral da FEGAMP, de data 06 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 2695,d e data 09 de maio de 2013, no que comunica que unha vez examinado e valorado o expediente de solicitude, da Romaría da Tortilla de Laro, como Festa de Interese Turístico, a comisión de valoración (creada ao abeiro do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro) reunida o día 2 de maio de 2013, na Axencia de Turismo de Galicia, acordou propoñer a Romaría da Tortilla de Laro como Festa de Galicia de Interese Turístico, e so falta que este acordo pase polo Consello da Xunta e se publique no Diario Oficial de Galicia, para súa aprobación e declaración definitiva.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**4º.- PROPOSTA DA FEGAMP DE DECLARACIÓN DE FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO A “ENTROIDOS DOS**

**XENERAIS”.**

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido polo Secretario Xeral da FEGAMP, de data 06 de maio de 2013, Rexistro de Entrada nº 2696,d e data 09 de maio de 2013, no que comunica que unha vez examinado e valorado o expediente de solicitude, do Entroido dos Xenerais, como Festa de Interese Turístico, a comisión de valoración (creada ao abeiro do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro) reunida o día 2 de maio de 2013, na Axencia de Turismo de Galicia, acordou propoñer o Entroido dos Xenerais como Festa de Galicia de Interese Turístico, e so falta que este acordo pase polo Consello da Xunta e se publique no Diario Oficial de Galicia, para súa aprobación e declaración definitiva.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS.**

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:**

Vista a proposta da Alcaldesa a Xunta de Goberno Local, de data 07 de maio de 2013, sobor cofinanciamento dos servicios sociais comunitarios, que se transcribe:

*“Visto que con data 18 de Xullo de 2012 a Deputación de Pontevedra asinou un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para levar a cabo o cofinanciamento dos servicios sociais comunitarios municipais naqueles concellos da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes.*

*Vista a comunicación recibida da Deputación de Pontevedra na que se indica que a mesma asinará un convenio con cada un dos concellos para cofinanciar o servizo de axuda a domicilio na súa modalidade de prestación básica, tomando como referencia as contías concedidas no exercicio 2012.*

*Esta Alcaldía propón á XGL:*

*Solicitar á Deputación de Pontevedra, a sinatura do convenio para cofinanciamento dos servicios sociais comunitarios.*

*Aprobar a achega municipal que ascendería a cantidade de 31.717,55 €, con efectos dende o 1 de Xaneiro 2013 ata o 31 de Decembro de 2013.”*

**A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcaldesa**

**transcrita e polo dito:**

1º.- Solicitar á Deputación de Pontevedra, a sinatura do convenio para cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

2º.- Aprobar a achega municipal que ascendería a cantidade de 31.717,55 €, con efectos dende o 1 de Xaneiro 2013 ata o 31 de Decembro de 2013.

**6º.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN SOBRE FINANCIAMENTO BÁSICO DOS SERVIZOS SOCIAIS.**

Pola Alcaldesa dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar, de data 29 de abril de 2013, Rexistro de Entrada no Concello nº 2572 de data 06 de maio de 2013, relativo ó financiamento básico dos servizos sociais do Concello, que literalmente dí:

*“En cumprimento do disposto no artigo 52.1 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece que "No primeiro cuadrimestre de cada exercicio anticiparáselle a cada unha das corporacións locais titulares destes servizos unha contía equivalente ao 50% da cantidade financiada no exercicio inmediatamente anterior nos conceptos comprendidos no financiamento básico segundo o establecido no artigo 47", infórmo de que esta Dirección Xeral de Familia e Inclusión xa procedeu a tramitar o pagamento do primeiro anticipo correspondente á corporación local que vostede preside.*

*A contía deste primeiro anticipo determinouse tomando como referencia as contías asignadas a cada corporación local no exercicio inmediatamente anterior para os conceptos que o artigo 47 do decreto 99/2012 inclúe na renovación do financiamento básico dos servizos sociais comunitarios municipais.*

*En concreto, dado que a corporación local CONCELLO DE SILLEDA non supera os 20.000 habitantes e que, en consecuencia, segundo o artigo 47 do mencionado decreto, o financiamento básico dos seus servizos sociais se corresponde cos gastos derivados da retribución do persoal de traballo social dos servizos sociais comunitarios municipais, e tendo en conta que en 2012, ao abeiro de devandito decreto 99/2012, asignóuselle un financiamento para o concepto traballador/a social pola contía de 30.026,00 €, tramitouse un anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2012 para este concepto, segundo os datos que se reflicten na seguinte táboa:*



<i>CORPORACIÓN LOCAL</i>	<i>Nº TRABALLADORES SOCIAIS</i>	<i>FINANCIAMENTO BÁSICO ASIGNADO EN 2012</i>	<i>ANTICIPO 2013 (50%)</i>
<i>Concello de Silleda</i>	<i>2,00</i>	<i>30.026,00 €</i>	<i>15.013,00 €</i>

**A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.**

**7º- RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA SOBRE PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2013.**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 29 de abril de 2013, quedaou enterada do escrito remitido polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 24 de abril de 2013, Rexistro de Entrada nº 2466, de data 26 de abril de 2013, mediante o cal notificase resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra en relación óm Plan Provincial de Emprego 2013.

Visto o escrito remitido polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 25 de abril de 2013, Rexistro de Entrada nº 2482, de data 29 de abril de 2013, mediante o cal notificase corrección de error da resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra en relación óm Plan Provincial de Emprego 2013, que se transcribe:

*“A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*Resultando que con data 24 de abril de 2013 ditouse unha resolución, núm. 2013006636, mediante a cal se lle concedía a cada un dos concellos da provincia unha subvención por importe de 55.179,36 euros, con destino á contratación doce persoas desempregadas, preferentemente non preceptoras de ningún tipo de renda, a tempo parcial de 25 horas semanais por un periodo de seis meses con cargo ó Plan de Emprego da Deputación 2013.*

*Resultando que, de xeito involuntario, no parágrafo cuarto do texto da resolución transcribiuse erróneamente o importe correspondente á retribución polo que, considerando o disposto no artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común modificada pala Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, RESOLVÍN rectificar o citado parágrafo da R.P. núm. 2013006636 de xeito que:*

*ONDE di:*

*O custe salarial subvencionable pola Deputación, de acordo co previsto na base quinta, ascende a 766,38 euros dos cales 512,15 euros corresponden a retribucións e 264,23 euros a cota patronal, imputables á aplicación 2013.942.942.462.03 do vixente orzamento provincial. No caso de que o concello fixe unha retribución superior, éste debe facerse cargo da diferenza.*

**DEBE DICIR:**

*O custe salarial subvencionable pola Deputación, de acordo co previsto na base quinta, ascende a 766,38 euros dos cales 502,15 euros corresponden a retribucións e 264,23 euros a cota patronal, imputables á aplicación 2013.942.942.462.03 do vixente orzamento provincial. No caso de que o concello fixe unha retribución superior, éste debe facerse cargo da diferenza.*

*O resto do texto da resolución permanecerá invariable.”*

**A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.**

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

**1º.- Proposta da Alcaldía en relación ós programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014.**

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:**

Vista a proposta da Alcaldesa, de data 08 de maio de 2013, sobre programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014 (DOG nº 76 de 19 de abril de 2013), que se transcribe:

*“Vista a ORDE do 18 de abril de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de **programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014.**(DOGnº 76 de 19 de Abril de 2013).*

*Visto o Programa elaborado polos técnicos do Concello, axustado á referida Orde, denominado **"Silleda Integra 2013-2014"***

*Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:*

*Aprobar o proxecto denominado "Silleda Integra 2013-2014"*

*Solicitar unha subvención para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde referida, e segundo o orzamento que figura no programa."*

**"PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO  
"SILLEDA INTEGRA" 2013 - 2014**

**1 - OBXECTIVOS**

O principal obxectivo que perseguiremos en todo momento será o de favorecer e potenciar a **integración laboral** dos/as demandantes de emprego a través da elaboración individual de **I.P.Ls (Itinerarios Personalizados para a Inserción)** proporcionando atención e asesoramento na busca activa de emprego para posibilitar a incorporación ó mercado laboral a través da información, formación, orientación profesional, práctica laboral, asesoramento, seguimento da inserción laboral e impulso do autoemprego, establecendo ademais vías de comunicación entre desempregados/as, empregadores/as, entidades municipais, empresas privadas e centros de formación para coñecer, valorar e eliminar posibles desfases na formación ou necesidades formativas na zona.

Ademais deste obxectivo principal, tamén desenvolveremos outros mais específicos, como poden ser:

- Colaborar coas oficinas de Emprego, así coma cos demais axentes sociais e entidades que así o soliciten, fomentando a promoción do emprego, a igualdade de oportunidades e evitando as situacións de risco de exclusión social.
- Favorecer e potenciar a igualdade de xénero a través de formación e información que se levarán a cabo en tódalas actividades que se desenvolvan ó longo do programa.
- 3. Crear un espazo de comunicación entre os distintos implicados, xestionando de forma activa o emprego no Concello de Silleda.
- Superar o 35 % de contratación dos demandantes de emprego participantes neste Programa.

**2 - FASES DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

**• FASE 1: SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES**

Nun primeiro momento a Oficina de Emprego de Lalín, elixira os participantes

que entrarán no Programa Integral de Emprego "SILLEDA INTEGRAL". E citará aos mesmos a unha entrevista cos técnicos responsables do desenvolvemento do Programa.

- **FASE 2: ESTUDO, DIAGNOSE OCUPACIONAL E ELABORACIÓN INDIVIDUAL De I.P.I.s**

A través de entrevistas individualizadas coa técnica asignada a cada participante analizarase a situación particular e real da causa do desemprego e avaliarase o perfil profesional e as competencias de cada demandante para logo elaborar os I.P.I.s de cada un deles/as, destacando entre outros datos aqueles coñecementos e habilidades mais sobresaíntes e establecer as posibles actuacións a levar a cabo ó longo do proceso de busca de emprego ou recolocación en función dos coñecementos previos, a experiencia laboral, a capacidade para formarse, os intereses, as posibilidades de mobilidade xeográfica...

- **FASE 3: TITORÍAS INDIVIDUALIZADAS**

Tendo en conta o I.P.I. de cada participante, facilitarase o encontro entre as persoas preseleccionadas polas técnicas para as ofertas existentes neses momentos, establecendo as pontes entre desempregado e empregadores, e dicir, cumprirse a función de intermediación laboral, asesorando, guiando e apoiando persoalmente.

- **FASE 4: FORMACIÓN PARA O EMPREGO**

Despois de ter claras as necesidades dos usuarios/as, e as características e as necesidades formativas e de emprego que a nosa comarca está atravesando nestes momentos, dada a gran cantidade de empresas que se están atopando con dificultades económicas e que polo tanto están reducindo o número de traballadores, e tendo en conta as características dos mesmos, planifícanse as accións formativas encamiñadas a mellorar as posibilidades de inserción de ditos traballadores que se atopan en desemprego.

Dentro da formación establécense dous grupos:

- A) Accións formativas desenvolvidas por persoal especialista e externo en función dos postos demandados na comarca, con formación teórica e práctica, necesarias ambas para optimizar as posibilidades de inserción.
- B) Accións formativas transversais e obrigatorias para todos os usuarios do programa desenvolvidas polas técnicas do mesmo e expertos docentes para incidir sobre aspectos persoais principalmente que poidan dificultar a posta en marcha dun proxecto persoal para a

inserción.

- **FASE 5: INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL**

Esta fase levarase a cabo unha vez realizados os pasos anteriores e as actividades de reciclaxe precisas en cada caso.

No caso de que o usuario/a estea interesado/a na inserción por conta propia, asesoraráselle na elaboración do plan de empresa coa idea axeitada, forma xurídica mais conveniente, tramitación de subvencións...

- **FASE 6: SEGUIMIENTO**

Unha vez que os destinatarios/as do Programa Experimental estean inseridos nas empresas ou poñan a andar algunha iniciativa empresarial, a ligazón coas técnicas do programa seguirá existindo, pois tratarase de seguir a súa traxectoria para comprobar o nivel de adaptación na empresa, os posibles problemas que se lle poden presentar ó empregador/a... co fin de que se leve a cabo unha integración plena no cadro de persoal por parte do traballador/a e unha satisfacción total co traballo desenvolvido.

## **5- ACTIVIDADES**

### **A) Accións formativas planificadas:**

#### **ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO PARA A INSERCIÓN LABORAL DOS PARTICIPANTES (30 horas)**

Este curso ten como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas participantes no programa Silleda Integra, a partir da mellora das súas competencias, capacidades e habilidades tanto laborais como persoais. Para iso potenciarase que as persoas que participan no Programa consigan un coñecemento, o máis completo posible, sobre si mesmos e o contexto no que van a actuar, favorecendo a adquisición dunha visión crítica sobre o mercado laboral, as barreiras que lles impiden acceder ao mesmo, así como a identificación dos recursos propios e capacidades para superar os obstáculos e poder alcanzar un posto laboral

O Programa estrutúrase en catro módulos de contido:

- Módulo 1: Descubrindo
- Módulo 2: Informándose
- Módulo 3: elixindo ocupacións
- Módulo 4: Planificando

O desenvolvemento das sesións través dos distintos módulos permitirá a cada participante elaborar o seu PLAN DE BÚSQUEDA DE EMPREGO

**DURACIÓN:** 30 horas

**CRONOGRAMA:**

INICIO:	15/09/2013			
FIN:	22/09/2013			
HORARIO:	De luns a venres de 09:00 a 14:00			
DISTRIBUCIÓN HORARIA	Total Horas: 30	Teoría	30 h.	5 horas diarias

**CURSO "OPERARIO DE PRODUCCIÓN EN CADEA" (120 horas)**

Esta formación práctica desenvolverase na empresa Agapel Pelting, S.L., onde se producen peles de visón. A produción das mesmas prodúcese en cadea, sendo por iso unha gran oportunidade para o aprendizaxe de tarefas grupais, fomento do compañeirismo e aprendizaxe de cómo se traballa en empresas nas que hai unha cadea de produción que nunca pode parar. Cremos que é unha boa formación para os participantes do programa e que lles abrirá máis portas de cara a súa inserción laboral, xa que cada vez máis empresas utilizan este método de traballo.

A formación levarase a cabo na propia fábrica en horario de 8:00 a 16:00 horas. Asistirán en grupos de 6 para poder ser formados e ter unha verdadeira implicación e aprendizaxe deste posto de traballo.

Destacar que esta fábrica é un gran nicho de emprego para os nosos veciños y veciñas xa que a mesma necesita persoal para traballar cada nova temporada (outubro a maio), aproveitando a formación práctica recibida na mesma para favorecer a súa posible contratación posterior. Esta temporada anterior 2012/2013 chegaron a contratar a 50 persoas do concello de Silleda.

**DURACIÓN:** 120 horas

**CRONOGRAMA:**

INICIO:	23/09/2013		
FIN:	11/10/2013		

<b>HORARIO:</b>	De luns a venres de 08:00 a 16:00			
<b>DISTRIBUCIÓN HORARIA</b>	<b>Total Horas:</b>			
	120	<b>Práctica</b>	120 h	8 horas diarias

**CURSO AUXILIAR DE SERVIZOS DE COCIÑA PARA COLECTIVIDADES (80 horas)**

Este curso ten como obxectivo capacitar as persoas participantes para postos de traballo nunha cocina central para colectividade e darlles a coñecer sobre os protocolos a seguir en almacén, cámaras, zonas de elaboración, etc. Para adquirir as destrezas necesarias en canto a hixienización e limpeza de utensilios e instalacións, elaboración en cuarto frío e cocina central de cara a desempeñar un posto de traballo de auxiliar de servizos de cociña para colectividade.

**DURACIÓN:** 80 horas

**CRONOGRAMA:**

<b>INICIO:</b>	14/10/2013			
<b>FIN:</b>	25/10/2013			
<b>HORARIO:</b>	De luns a venres de 09:00 a 14:00			
<b>DISTRIBUCIÓN HORARIA</b>	<b>Total Horas: 8</b>	<b>Teoría</b>	16 h	1 hora diaria
		<b>Práctica</b>	64 h.	7 horas diarias

**RELACIÓN SECUENCIAL DE MÓDULOS FORMATIVOS:**

Preelaboración e elaboración en cuarto frío ..... 20 h.  
 Cociña central para colectividade e servizos de catering ..... 40 h.  
 Hixienización e lavado de instalacións e equipos para o servizo de catering. Limpeza e organización xeral ..... 15 h.  
 Hixiene e seguridade alimentaria ..... 5 h.

Este curso está destinado a formar aos participantes do programa no ámbito da cociña e o traballo en cadea en fábricas de envasado. Coa finalidade de que poidan acceder a un posto de traballo na empresa Culinaria de Silleda, unha das empresas que mais postos de traballo xera na actualidade.

## CURSO: "AUXILIAR DE PRODUCCIÓN EN GRANXA PORCINA"

Este curso consta de 150 horas de formación totalmente prácticas en granxa de porcino. A esta formación asistirán os participantes en grupos de 2 en 2, xa que é o máximo que a empresa considera para un bo aprendizaxe. A formación práctica divídese en 3 grandes partes, necesarias para estar capacitado para este posto laboral.

- Cubrición
- Maternidade
- Destete

**DURACIÓN:** 150 horas

**CRONOGRAMA:**

<b>INICIO:</b>	1ª quenda: 04/11/2013 2ª quenda: 07/01/2014		
<b>FIN:</b>	1ª quenda: 29/11/2013 2ª quenda: 30/01/2014		
<b>HORARIO:</b>	De luns a venres de 08:00 a 16:00		
<b>DISTRIBUCIÓN HORARIA</b>	<b>Total Horas:</b> 150		
		Práctica	150 h. 8 horas diarias

Cada unha das tres partes consta de un total de 50 horas, de maneira que cada un dos participantes pase o tempo necesario para un bo aprendizaxe e pase polas tres etapas, non limitando o seu aprendizaxe a solo un aspecto, se non vendo todo o que un operario de granxa porcina necesitaría saber. Isto favorecerá a súa inserción xa que a pesar de que existen granxas especializadas nunha ou outra etapa da reprodución das porcas, os participantes saíran capacitados nas tres etapas. Esta formación levarase a cabo na empresa local NUDESA, coa finalidade de formar aos nosos demandantes de emprego neste sector laboral e atoparlles posteriormente un posto laboral nas numerosas granxas que os mesmos posúen na zona.

## TALLERES DE HABILIDADES SOCIAIS E DE EDUCACIÓN LABORAL (30 horas)

Este proxecto ten como obxectivo mellorar as posibilidades de emprego de persoas con especiais dificultades de inserción laboral, axudándolles a situarse en mellores condicións no mercado laboral, reforzando as súas capacidades, diminuíndo os seus obstáculos persoais e do entorno, favorecendo a súa autonomía e dotándoos de recursos necesarios para a súa integración.

**DURACIÓN:** 30 horas

**CRONOGRAMA:**

INICIO:	09/12/2013			
FIN:	16/12/2013			
HORARIO:	De luns a venres de 09:00 a 14:00			
DISTRIBUCIÓN HORARIA	Total Horas: 30	Teoría	30 h	5 hora diaria

**CURSO DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL (150 H)**

Este curso planifícase vendo a gran demanda de actividades deste tipo que están a xurdir na nosa comarca, os contidos a tratar no mesmo, para unha adecuada formación dos usuarios serán os seguintes:

**DURACIÓN:** 150 horas (75 teóricas e 75 prácticas)

**CRONOGRAMA:**

INICIO:	03/02/2014			
FIN:	21/02/2014			
HORARIO:	De luns a venres de 09:00 a 14:00			
DISTRIBUCIÓN HORARIA	Total Horas: 150	Teoría	75 h	5 hora diaria
		Práctica	75 h.	4 horas diarias

**RELACIÓN DE MÓDULOS FORMATIVOS:**

1. Introducción. A animación sociocultural, un proceso de educación social.
2. Animación sociocultural como educación non formal. Intervención da Psicología.
3. Referencia histórica.
  - 3.1. Antecedentes e desenvolvemento da animación sociocultural.
  - 3.2. Evolución e perspectivas de futuro.
  - 3.3. A profesionalización da animación sociocultural.
4. O animador sociocultural.
  - 4.1. Antecedentes na figura do animador sociocultural.
  - 4.2. O perfil do animador sociocultural.
  - 4.3. Formación do animador sociocultural.

4.4. Profesional o axente social.

5. Destinatarios.

5.1. A animación sociocultural na infancia.

5.2. A animación na xuventude.

5.3. A animación sociocultural na educación de adultos.

5.4. A animación sociocultural na terceira idade.

### PRÁCTICAS PROFESIONAIS

Todas as accións formativas presentadas ata o de agora, contan con prácticas profesionais reais en centros de traballo e empresas do sector, constituíndo así un bloque mais da formación para completar a súa cualificación e / ou adquirir outra que so se pode acadar cando se enfrontan a problemas e situacións reais no traballo diario.

Como se van desenvolver en empresas da zona, os/as participantes ademais de ter unha pequena axuda para o desprazamento que pode servir de incentivo, poderán ver e desenvolver as tarefas coas que se terán que enfrontar no día a día, así como coñecer a xerarquía dunha empresa, as relacións socio-laborais que alí se desenvolven...

Estas prácticas serán desenvolvidas en compañía dun/ha traballador/a da empresa que desenvolva esa mesma actividade, coa supervisión dun/ha titor/a da propia empresa e tamén da titora do programa.

Ademais esta formación práctica na propia empresa permitirá aos desempregados darse a coñecer nas mesmas e poder acceder a futuras seleccións de persoal.

#### **B) Accións formativas transversais**

Este apartado de formación será complementario ós cursos anteriores, aconsellando ós/ás participantes o seu desenvolvemento para así poder ter unha formación mais ampla que lle poida servir para abrir mais portas á hora de buscar emprego.

#### INFORMÁTICA BÁSICA (60 H)

Esta acción planifícase coa finalidade de adquirir unha capacitación no manexo do paquete Office debido á gran utilidade en calquera traballo a desenvolver.

Levarase a cabo de xeito individual e con un equipo informático por cada participante.

INICIO:	03/03/2014
---------	------------

FIN:	21/03/2014			
HORARIO:	De luns a venres de 10:00 a 14:00			
DISTRIBUCIÓN HORARIA	Total Horas: 60	Teoría	60 h	4 horas diarias

### CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (30 H)

Este curso ten como obxectivo formar ós participantes en materia de prevención de riscos laborais. Preténdese que os alumnos teñan coñecemento do ordenamento normativo e lexislativo tanto nacional, como comunitario e internacional en materia de saúde e seguridade no traballo e que aprenda as diferentes metodoloxías para avaliar as condicións de traballo e elaborar un mapa de riscos e danos .

INICIO:	07/04/2014			
FIN:	14/04/2014			
HORARIO:	De luns a venres de 09:00 a 14:00			
DISTRIBUCIÓN HORARIA	Total Horas: 30	Teoría	30 h	5 horas diarias

### AUTOCOÑECEMENTO (50 H)

Realizarase esta acción formativa para que poidan levar a cabo un desenvolvemento persoal incidindo nos aspectos que poidan servir de traba na inserción laboral e eliminándoos, como o desanimo cara a busca de emprego, a falla de confianza, a baixa autoestima... traballarase a intelixencia emocional dos participantes, técnicas de relaxación e control do estrés así como actividades motivadoras de alto impacto que os animen a cambiar e a facer cousas diferentes que os leven a poder alcanzar un emprego.

INICIO:	05/05/2014			
FIN:	21/05/2014			

<b>HORARIO:</b>	De luns a venres de 10:00 a 14:00			
<b>DISTRIBUCIÓN HORARIA</b>	Total Horas: 50	Teoría	50 h	4 horas diarias

### IGUALDADE DE OPORTUNIDADES (20 h)

O obxectivo principal xirará arredor da empregabilidade das mulleres e o seu recoñecemento do traballo doméstico realizado día a día, sensibilizando á sociedade en xeral para evitar as divisións sexuais e integrar as capacidades e intereses de todos e todas para poder traballar en igualdade.

Así mesmo, tamén servirá para normalizar profesións nas que as mulleres están aínda subrepresentadas.

<b>INICIO:</b>	02/06/2014			
<b>FIN:</b>	06/06/2014			
<b>HORARIO:</b>	De luns a venres de 10:00 a 14:00			
<b>DISTRIBUCIÓN HORARIA</b>	Total Horas: 20	Teoría	20 h	4 horas diarias

### AUTOEMPREGO (60 H)

Esta actividade estará so dirixida a aqueles/as usuarios/as que teñan un certo interese nesta forma de atopar traballo, e aínda que ten un número de horas estipulado nas que se verán os aspectos técnicos, desenvolverase ata o momento en que o/a novo/a empresario/a bote a andar, asesorando, analizando a viabilidade, axudando na elaboración do plan de empresa, buscando posibles financiamentos como subvencións ou microcréditos...

<b>INICIO:</b>	23/06/2014			
<b>FIN:</b>	11/07/2014			
<b>HORARIO:</b>	De luns a venres de 10:00 a 14:00			

DISTRIBUCIÓN HORARIA	Total Horas: 60	Teoría	60 h	4 horas diarias

### ATENCIÓN INFANTIL

Para aqueles/as pais/nais que non teñan con quen deixar ós/ás fillos/as durante o desenvolvemento das accións formativas ou as prácticas, poderán deixar ós/ás pequenos/as no Programa Lúdico- Educativo, que desenvolve o Concello de Silleda, nas instalacións do C.E.I.P. de Silleda. Dito programa pretende unha atención integral da infancia cubrindo todo o horario extraescolar dos/as nenos/as, tanto o previo á escola, como o posterior.

### 6- DURACIÓN TOTAL DO PROGRAMA

O programa ten unha duración prevista de **12 meses**, dende o mes de setembro de 2013 ata o mes de setembro de 2013.

A continuación achégase un cronograma do proxecto no que se especifica o tempo estimado de cada acción e as datas aproximadas de comezo e remate de cada unha delas.

FASES		FASE 1	FASE 2	FASE 3	FASE 4	FASE 5	FASE 6
	Inicio do proxecto	Selección de participantes	Estudo, diagnose e GPI	Titorias individuais	Formación para emprego	Integración laboral	Seguemento da inserción
Comenzo	01/09/13	01/09/13	01/10/13	01/10/13	15/09/13	01/10/13	01/09/13
Remate	30/09/13	15/09/13	30/01/14	31/09/14	11/07/14	31/09/14	31/09/14
Sep. 13							
Oct. 13							
Nov. 13							
Dic. 13							
Ene. 14							
Feb. 14							
Mar. 14							
Abr. 14							

Mai 14							
Xuñ 14							
Xul 14							
Ago. 14							
Sep. 14							

### **7- LUGAR ONDE SE VAN DESENVOLVER AS ACCIÓNS**

As actividades do Programa desenvolveranse nas diferentes instalacións municipais. As entrevistas cos usuarios e as titorías terán lugar nas oficinas municipais, no departamento de Emprego, alí estarán as técnicas responsables do Programa que compartirán espazos co Técnico de Desenvolvemento Local e co Axente de Emprego do Concello, creando así unha área dedicada á promoción do emprego e ao desenvolvemento local.

En canto as actividades formativas, como as demais accións formativas do Concello terán lugar na Casa da Xuventude, a cal dispón de aulas e espazos suficientemente amplos e adaptados para realizar a formación axeitada.

### **8- COLECTIVOS AOS CALES VAI DIRIXIDO O PROXECTO**

Os beneficiarios aos que vai dirixido este Plan Integrado para o Emprego serán: **persoas con discapacidade, persoas menores de 30 anos con baixa cualificación, inmigrantes e mulleres** con problemas de integración laboral, **desempregados en risco de exclusión social, persoas desempregadas de longa duración, perceptores** de subsidios e prestacións por desemprego.

### **9- NUMERO DE PARTICIPANTES**

O número previsto de participantes é de **60**, aínda que se poderá ver aumentado no caso de que a inserción dos ditos participantes sexa efectiva, e dicir, no momento en que algún dos participantes acade a inserción laboral, comezarse o proceso con outro novo participante.

### **10- VALORACIÓN ECONÓMICA**

I. Salarios e Soldos:

Custos salariais e de Seguridade Social. Contratación de unha técnica reponsable do Programa, cunha duración de 12 meses:

Total..... 23.768 €

II. Becas para o Alumnado

Axudas de desprazamento por asistencia as actividades de formación e as titorías.

Total..... 18.000 €

III. Contratación de medios externos

Contratación de Profesorado encargado da docencia das diferentes accións formativas.

Total..... 22.500 €

IV. Materiais e equipos técnicos

Total..... 6.200 €

- Gastos subvencionables que se solicitan: **70.468 €**
- Estimación por persoa atendida e inserida: **1.174,46 €**

**11- RELACIÓN DE MEDIOS DOS QUE SE DISPÓN**

• **MEDIOS MATERIAIS**

Os locais que dende o Concello de Silleda se poñen a disposición do Programa Silleda Integra, están o suficiente adaptados e as súas características son as idóneas para un adecuado desenvolvemento das accións do mesmo. A Técnica do Programa contará con unha oficina separada do resto de oficinas, facilitando así as entrevistas e diagnose de xeito individualizado e respectando a privacidade das persoas. Contando a mesma co mobiliario e materiais precisos para o óptimo desenvolvemento das accións planificadas.

• **RECURSOS HUMANOS**

O equipo técnico que levará a cabo o desenvolvemento deste programa estará

composto por **unha titora de inserción** que se ocuparán cada unha delas de titorizar aos usuarios.

Colaborarase tamén cos Técnico de Desenvolvemento Local e co Axente de Emprego do Concello e co persoal do INEM en Lalín.

Así mesmo, teremos a plena implicación de empresas de Silleda no Programa para que os usuarios poidan formarse nas mesmas.

Finalmente contratarase para cada un dos módulos formativos persoal experto na materia a impartir para unha adecuada formación dos usuarios e usuarias do programa.

## **12- OBXECTIVOS DE INSERCIÓN LABORAL PREVISTOS**

O compromiso de contratación que se adquire dende o Concello coa Consellería de Traballo para a aplicación deste programa integrado de emprego, será, así o cremos, superior ó 35 % do alumnado que é o porcentaxe establecido pola Consellería, tratando de establecer como obxectivo de inserción un 37% dos usuarios do mesmo, o que supón 22 usuarios dun total de 60 participantes.

Para iso, dende o Concello poranse todos os medios e recursos precisos para logralo, así como seguir traballando e favorecendo as políticas de emprego que pouco a pouco vaian acadando a plena inserción de todos e cada un dos silledenses. Xa que o traballo é un dos nosos maiores retos para esta lexislatura.

**A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito:**

1º.- Aprobar o proxecto denominado "Silleda **Integra 2013-2014**"

2º.- Solicitar unha subvención para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde referida, e segundo o orzamento que figura no programa.

2º.- **Proposta da Alcaldía en relación a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013.**

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:**

Vista a proposta da Alcaldesa, de data 08 de maio de 2013, sobre contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013 (DOG nº 76 de 19 de abril de 2013), que se transcribe:

*“Vista a ORDE do 10 de abril de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013. (DOG nº 76 de 19 de Abril de 2013).*”

*Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:*

*Solicitar unha subvención para a contratación du/dunha Orientador/a Laboral, cun orzamento total de 20.000 € (importe total do orzamento realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013, ao abeiro da orde de 10 de Abril de 2013.*”

**A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito** solicitar unha subvención para a contratación du/dunha Orientador/a Laboral, cun orzamento total de 20.000 € (importe total do orzamento realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013, ao abeiro da orde de 10 de Abril de 2013.

**3º.- Plan de Seguridade e Saúde da obra “Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira.**

Dase conta do escrito presentado por Construcciones Areán, S.L., remitindo Plan de Seguridade e Saúde correspondente a obra denominada “MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA”, redactado por Construcciones Areán S.L.

Visto o informe favorable do Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, de data abril de 2013, Técnico e Coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución da obra, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda presta aprobación a este plan de Seguridade e Saúde.

**4º.- Escrito do Presidente do Comité de Empresa do Concello de Silleda.**

Polo Tenente de alcalde, Manuel Cuiña Fernández, dase conta do escrito

presentado polo Presidente do Comité de Empresa do Concello de Silleda, Antonio García Varela, Rexistro de Entrada nº 2650, de data 07 de maio de 2013, no que solicita que pola Alcaldía se indique os servizos mínimos para o vindeiro día 22 de maio de 2013, festividade de Santa Rita, considerado no artigo 20 do Convenio Laboral como día especial.

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes acorda** comunicar ó Presidente do Comité de Empresa que os servizos mínimos para ese día son: Rexistro Municipal, Servizo de Limpeza dos Centros de Saúde, Conserxes dos Colexios Públicos e Policía Local.

**5º.- Escrito de Dº José Manuel Rodríguez Fernández.**

Polo Tenente de Alcalde, Manuel Cuiña Fernández, dase conta de que por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15 de abril de 2013 acordouse que por parte da Policía Local se informe sobre a solicitude de José Manuel Rodríguez Fernández, de data 15 de abril de 2013, Rexistro de Entrada nº 2250, de data 15 de abril de 2013, no que expón que *“na zona da Carballeira da Empanada, na área que se atopa a continuación da mesma, dentro da propiedade de Juan Ramón de Villaverde hai 2 castiñeiros, un que está seco e outro a punto de caer, así como dous castaños secos, O solicitante pretende cortalos e conta co permiso dos propietarios”*, polo que solicita *“se lle permita realizar a tala deste 2 castiñeiros e 2 carballos”*.

Visto que, con data 19 de abril de 2013 pola Policía Local emítese informe nº 216/13, que literalmente di:

*“Asunto: TALA DE CASTIÑEIROS E CARBALLOS NA CARBALLEIRA DA EMPANADA*

*Vista a solicitude para cortar dous castiñeiros e dous carballos na carballeira da Empanada en Bandeira, Concello de Silleda, presentada por JOSE MANUEL RODRIGUEZ FERNANDEZ, con domicilio na rúa Carretera de Moalde, edificio Zurbarán, 2º F, Bandeira, en escrito con Rexistro de Entrada nº 2250, de data 15 de abril de 2013, pretendendo efectuar dita tala na carballeira da Empanada sita na rúa da Empanada, pódese comprobar que un dos castiñeiros atópase seco e con perigo de que caian polas do mesmo de gran tamaño nas inmediacións; o segundo castiñeiro está verde pero presenta unha gran inclinación; os dous carballos están semisecos pero presentan grandes zoas ca madeira en estado de descomposición.*

*Achégase informe fotográfico.”*

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de**

**xullo de 2011), por unanimidade dos presentes acorda conceder a José Manuel Rodríguez Fernández autorización para realización da tala solicitada.**

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 05.04.13), dou fe e certifico.

Silleda, a 10 de maio de 2013.

Vº e Prace  
A ALCALDESA,

Asíno: Paula Fernández Pena

Dou fe. O secretario acctal.  
(Decreto 05.04.13)

Asíno: David García Lareo

